

Montevideo, xulio 15 do 1975

Síñor;

Luis Tobío Fernández

M A D R I D .-

Ben querido Tobío:

O día 3 de vindeiro setembro, SEMPRE EN GALICIA", cumprirá VINTECINCO ANOS.- Vai en maiúscula porque, cando a fundamos, lexos estivemos de imaxinar que chegaríamos a eles.- Pero, sementes coa lamentabel ausencia de Somoza, os demais, estamos todos; máis vellos no físico, nonna mente, ques empre está como nos mellores tempos xuveniles.....Boeno, vamos o motivo desta que non é outro que o de pedirle que nos faga o editorial pro domingo 7 de setembro.- Todos nós senteríamos moi ledos si vosté, como non dúbemos fará, remexanos a colaboración que lle pedimos.-

Eu escribinlle a Villaverde pra que o virá, lle pedira iso ~~as~~ ~~as~~ verbas gravadas na sua voz.- Como nin me contestou, supoño que non fixo, daí esta carta.- Si o Villaverde, cumpríu, millor; se non, ista carta terá vixencia.-

Des problemas deste país, xa o supoño enteirado.- Vamós tirando, pero sin aquela maneira de vivir deste pobo, co facía feliz.-As condicións económicas están cuasi totalmente deterioradas, como lle~~s~~ dín agora.- E no político, fixeron un réximen militar civil, que vai tirando con unha férrea represión e unha censura endexamáis tida neste Nación de Don Xosé Batlle y Ordoñez.- Pra darlle unha idea direille que somentes de publican catro xornais: "El País".-"La Mañana".-"El Diario", oficialistas e "El Día", que fai o que pode pra que non suspendan, como xa o fixeron.- Fora deste, nun tono moi suaviciño, polo dato, os outros, merda.-

El parez cas cousas tamén non eran tan estabeles como pensaban os trunfadores de fai casi coarenta anos.- E que a liberdade de pensamento e vida, endexamáis marre.-

Co auspicio de Patronato da Cultura Galega aquí, estase por poñer o busto de Castelao no seu Rianxo natal.- O busto xa está na casa paterna, donde naceu o Guieiro.-E o que fixeron entre vosté i Escudero, que lamentablemente remata de morrer na Cruña, sin co destino lle permitise estar presente na colocación.-

Daquímp pensan ir Canabal, Pereira, Yolanda e quizás algún outro.-De Bós Aires, tamén unha delegación de Centro Galego, que virá presidida polo titular.- Tede este e preicite, pois parez que afloran algunhas dificultades; vosté xa me entende.-Alá veremos, pois pensábase fa- cele en setembro.-  
Ren máis, sacdos a sua dona e fillo, que xa estará feito un mozo e tãduado, maxinenc.- Vós- té, ces saudes de todoses amigos da audición -Ceuceiro, Yolanda, Pereira -, reciba unha amical aperta de, *Yolanda*